

“Na Defensa das Persoas, contra a Unión Europea do Capital”

O 15 de marzo remata en Bruxelas a primeira fase do Semestre Europeo 2013. Nestes encontros avalíase a aplicación das medidas acordadas e o axuste dos estados aos programas de Estabilidade e Converxencia impostos; e o máis importante, coordínanse as políticas económicas, orzamentarias e de emprego dos estados membros para os seguintes seis meses.

Pero fronte ás súas avaliacións e estratexias, nós temos as nosas.

Non esquecemos que o novo nome de Unión Europea responde a unha realidade nacida no ano 1957 como “Comunidade Económica Europea”.

Conformouse no ano 85 o Mercado Único, e a CEE pasou a ser a Comunidade Europea. Oito anos despois entraría en vigor o Tratado de Maastricht, co que nacería o euro e a Unión Europea, aprobándose no 2002 a Axenda de Lisboa co obxectivo de convertela no espazo máis competitivo do mundo no 2010.

Finalmente, destaca no proceso constituínte da UE o tratado de Lisboa. Nel recóllense como principais obxectivos a competitividade e o crecemento económico. Nesta liña, servizos públicos como a atención sanitaria, educación, o abastecemento de auga potábel, o transporte colectivo, o correo, ou as atencións sociais ás persoas maiores quedan suxeitos ás normas da competencia, coa intención final de que se vaian convertendo en negocios mercantís xestionados por multinacionais.

No eido laboral, pretende unha “transición fluída dos cidadáns entre diferentes empregos”, para o que a educación debe estar orientada a “aumentar a empregabilidade” das persoas, mediante a estratexia da “flexiseguridade”. En definitiva, exacerbar a flexibilización do mercado laboral.

Apostábase pola liberalización do mercado enerxético, por unha unificación á baixa dos dereitos sociais a nivel europeo, polo fortalecemento das fronteiras, etc.

Temos claro, polo tanto, que a Unión Europea non é, pero é que ademais non foi nunca, un proxecto social. E que as políticas que agora se están a aplicar, baixo a estratexia do *shock* da “crise”, hai moito tempo que están programadas e non responden a medidas tomadas de urxencia para saír dunha situación imprevista.

Valoramos, en consecuencia, as políticas da Unión Europea e a propia Unión en si mesma como a verdadeira ameaza da que nos temos que rescatar.

“Na Defensa das Persoas, contra a Unión Europea do Capital”

O 15 de marzo remata en Bruxelas a primeira fase do Semestre Europeo 2013. Nestes encontros avalíase a aplicación das medidas acordadas e o axuste dos estados aos programas de Estabilidade e Converxencia impostos; e o máis importante, coordínanse as políticas económicas, orzamentarias e de emprego dos estados membros para os seguintes seis meses.

Pero fronte ás súas avaliacións e estratexias, nós temos as nosas.

Non esquecemos que o novo nome de Unión Europea responde a unha realidade nacida no ano 1957 como “Comunidade Económica Europea”.

Conformouse no ano 85 o Mercado Único, e a CEE pasou a ser a Comunidade Europea. Oito anos despois entraría en vigor o Tratado de Maastricht, co que nacería o euro e a Unión Europea, aprobándose no 2002 a Axenda de Lisboa co obxectivo de convertela no espazo máis competitivo do mundo no 2010.

Finalmente, destaca no proceso constituínte da UE o tratado de Lisboa. Nel recóllense como principais obxectivos a competitividade e o crecemento económico. Nesta liña, servizos públicos como a atención sanitaria, educación, o abastecemento de auga potábel, o transporte colectivo, o correo, ou as atencións sociais ás persoas maiores quedan suxeitos ás normas da competencia, coa intención final de que se vaian convertendo en negocios mercantís xestionados por multinacionais.

No eido laboral, pretende unha “transición fluída dos cidadáns entre diferentes empregos”, para o que a educación debe estar orientada a “aumentar a empregabilidade” das persoas, mediante a estratexia da “flexiseguridade”. En definitiva, exacerbar a flexibilización do mercado laboral.

Apostábase pola liberalización do mercado enerxético, por unha unificación á baixa dos dereitos sociais a nivel europeo, polo fortalecemento das fronteiras, etc.

Temos claro, polo tanto, que a Unión Europea non é, pero é que ademais non foi nunca, un proxecto social. E que as políticas que agora se están a aplicar, baixo a estratexia do *shock* da “crise”, hai moito tempo que están programadas e non responden a medidas tomadas de urxencia para saír dunha situación imprevista.

Valoramos, en consecuencia, as políticas da Unión Europea e a propia Unión en si mesma como a verdadeira ameaza da que nos temos que rescatar.

Iso si, sen esquecer, tal e como xa se recollía nun texto contra a UE do ano 2010 “que a Unión Europea non é a verdadeira raíz dos nosos problemas, senón a súa consecuencia máis actual. Limitarse a criticar as súas políticas neoliberais e os seus excesos é pois, ignorar que o Capitalismo é xa, en si, o exceso realizado. Podemos ter a certeza de que a degradación universal será tanto máis profunda en canto non sexamos capaces de facérmonos cargo das súas causas”.



ACTIVIDADES:

SÁBADO 9 DE MARZO ás 19:30h no CSA A Cova dos Ratos (rúa Romil nº3 baixo)

Mesa redonda:

Manolo Sáez (Baladre.) Repaso á perda de dereitos que nos trouxo a UE e da historia das loitas contra ela no estado español.

Mari Fidalgo (Raias Travesoiras) Analizará as consecuencias das “medidas de austeridade” promovidas pola UE dende unha perspectiva de xénero.

VENRES 15 DE MARZO ás 20:30h no CSOA Xuntas (rúa do Carme nº 3)

Proxeccións:

Os Negocios de Bruxelas. Documental sobre a influencia que os 2500 *lobbies* concentrados en Bruxelas exercen sobre as políticas europeas.

Utopía no Horizonte. A resposta do pobo grego á “austeridade” imposta por Europa, centrada na acampada da praza Sintagma de 2011.

SÁBADO 16 DE MARZO ás 18:30 (rúa do Príncipe, diante do MARCO)

Acto de rúa:

“CAMIÑANDO POLA “GRAN VÍA” DA AUSTERIDADE, CARA AO POZO DA EURO-MISERIA ECONÓMICA, POLÍTICA E SOCIAL”

Campaña “Na defensa das persoas, contra a Unión Europea do Capital”

Iso si, sen esquecer, tal e como xa se recollía nun texto contra a UE do ano 2010 “que a Unión Europea non é a verdadeira raíz dos nosos problemas, senón a súa consecuencia máis actual. Limitarse a criticar as súas políticas neoliberais e os seus excesos é pois, ignorar que o Capitalismo é xa, en si, o exceso realizado. Podemos ter a certeza de que a degradación universal será tanto máis profunda en canto non sexamos capaces de facérmonos cargo das súas causas”.



ACTIVIDADES:

SÁBADO 9 DE MARZO ás 19:30h no CSA A Cova dos Ratos (rúa Romil nº3 baixo)

Mesa redonda:

Manolo Sáez (Baladre.) Repaso á perda de dereitos que nos trouxo a UE e da historia das loitas contra ela no estado español.

Mari Fidalgo (Raias Travesoiras) Analizará as consecuencias das “medidas de austeridade” promovidas pola UE dende unha perspectiva de xénero.

VENRES 15 DE MARZO ás 20:30h no CSOA Xuntas (rúa do Carme nº 3)

Proxeccións:

Os Negocios de Bruxelas. Documental sobre a influencia que os 2500 *lobbies* concentrados en Bruxelas exercen sobre as políticas europeas.

Utopía no Horizonte. A resposta do pobo grego á “austeridade” imposta por Europa, centrada na acampada da praza Sintagma de 2011.

SÁBADO 16 DE MARZO ás 18:30 (rúa do Príncipe, diante do MARCO)

Acto de rúa:

“CAMIÑANDO POLA “GRAN VÍA” DA AUSTERIDADE, CARA AO POZO DA EURO-MISERIA ECONÓMICA, POLÍTICA E SOCIAL”

Campaña “Na defensa das persoas, contra a Unión Europea do Capital”